

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ENTIDADE “IBERMUTUA”, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APOIO DURANTE A SITUACIÓN DE ALERTA SANITARIA PROVOCADA POLO CORONAVIRUS COVID-19.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e IBERMUTUA, Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social (nº 274), asinaron o 25/3/20 un convenio de colaboración cuxo obxectivo é a posta a disposición por parte de Ibermutua de persoal sanitario e medios para colaborar na atención sanitaria de maiores e dependentes no centro/s habilitados polo Servizo Galego de Saúde para tal efecto.

A xestión e organización das actividades e servizos será realizado polo Servizo Galego de Saúde, que habilitará os espazos necesarios, disporá os medios para a atención aos maiores e dependentes afectados, e ditará as instrucións oportunas para a boa marcha do servizo.

As actuacións a realizar non precisarán de dotacións orzamentarias específicas, polo que IBERMUTUA non percibirá contraprestación algunha polos servizos realizados polo persoal cedido.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, así como as circunstancias excepcionais nas que se enmarca dita colaboración, non resulta posible promover concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio indicado no encabezamento, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo